

## Convocatoria Asemblea xeral ordinaria 2022 da Unión de Cooperativas EspazoCoop

Luns 6 de xuño de 2022 – 12.30 horas  
Santiago de Compostela.

---

A Presidenta da **Unión de Cooperativas EspazoCoop**, previo acordo do Consello Reitor, procede a convocar a Asemblea Xeral Ordinaria de EspazoCoop, o vindeiro **luns 6 de xuño de 2022**, en primeira convocatoria ás 12.00 h. e a segunda ás **12.30 h.** en **Santiago de Compostela**.

### Orde do Día:

**1| Memoria Social do exercicio 2021.**

Composición, estrutura e actividades realizadas ao longo do ano 2021 e os resultados acadados.

**2| Informe de ingresos e gastos do exercicio 2021.**

Preséntanse as contas do ano 2021 e dáse lectura ao Informe de auditoría emitido por A3M Consultores.

**3| Aprobación, se procede, das contas anuais do exercicio 2021 e da distribución de resultados.**

Sométese a votación a aprobación das contas e o destino do resultado existente.

**4| Presentación, debate e aprobación, se procede, do Plan de Xestión, do exercicio 2022: actuacións e orzamento.**

Presentación do Plan Operativo Anual (POA) 2022 e da proposta de actividades e proxecto de orzamentos para este ano.

**5| Cota asociativa, para 2022.**

Proponse manter o nivel de cotas actual e aprobar a cota asociativa para 2022.

**6| Aprobación, se procede, dos protocolos de Transparencia e Bo Goberno.**

Presentación, para o seu debate e aprobación, dos protocolos de transparencia e bo goberno da entidade.

**7| Elección das persoas que asinarán a acta.**

Xunto coa presidenta e secretario da asemblea, teñen que asinala tres persoas presentes na asemblea.

**8| Rogos e preguntas.**

Santiago de Compostela, a 13 de maio de 2022.



Asdo. Ana Olveira Blanco

**Ás 14.30 h.** compartiremos un tempo no que charlar e xantar algo, favorecendo o coñecemento entre as cooperativas asistentes.

## Información de interese para o desenvolvemento da Asemblea

Os Estatutos Sociais da Unión de Cooperativas EspazoCoop, establecen que:

### Artigo 19.- Natureza e composición.

A Asemblea Xeral, constituída validamente, é a reunión dos representantes de cada unha das cooperativas asociadas para deliberar sobre a política xeral da Unión (...). É, polo tanto, o órgano supremo de expresión da vontade social. O acordos da Asemblea Xeral, obrigan a todas as cooperativas asociadas, incluídas as disidentes e as que non participaran na reunión. Representarán ás cooperativas, na Asemblea Xeral, a persoa que ostenta a Presidencia do Consello Reitor ou a persoa libremente designada ao efecto por cada cooperativa.

### Artigo 24.- Dereito de voto.

- 1.- Cada cooperativa asociada terá un voto na asemblea xeral da Unión.
- 2.- Para exercer o dereito a voto, a cooperativa deberá acreditar que está ao corrente no pago das cotas, o trinta e un de decembro do exercicio anterior.

### Artigo 41.- Aplicación dos excedentes orzamentarios de cada exercicio.

O saldo dos excedentes que resulten do balance de peche, incorporaranse ao pasivo do balance de situación na partida de fondos propios como remanente ou reserva non repartible, destinada á consolidación da Unión, previo acordo da Asemblea Xeral. Será o Consello Reitor o órgano responsable da aplicación dese remanente de acordo coas necesidades da Unión.

## Participación na Asemblea

Para participar na Asemblea, as persoas deberán **inscribirse** no formulario cuxo acceso aparece no correo enviado coa convocatoria.

## Lugar de celebración

Santiago de Compostela, confirmarase o lugar exacto en canto este se determine.